



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**METEOGALICIA**  
*Informe climatolóxico maio 2011*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE MAIO DE 2011**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>6</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>7</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>10</b>
	4.1. Temperatura máxima media mensual. ....	11
	4.2. Temperatura mínima media mensual. ....	12
	4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 maio. ....	13
<b>5</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>17</b>
	5.1. Precipitación acumulada mensual maio 2011 .....	17
	5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto al valor normal. ....	18
	5.3. Días de chuvia maio de 2011 .....	19
<b>6</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>20</b>
<b>7</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>24</b>
	7.1. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	24
	7.2. Mapa de radiación solar mensual .....	25
<b>8</b>	<b>RAIOS.....</b>	<b>26</b>
	<b>Anexo: Resumo mensual.....</b>	<b>26</b>

**Data edición: 07/06/2011**



Mes seco e con elevadas temperaturas en xeral. Destaca o carácter treboento do tempo ao longo de todo o período.

## 1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

As características sinópticas do mes de maio foron unha continuidade das que tivemos no mes anterior. Predominaron as situacións anticiclónicas, coas altas presións situadas ao norte da península Ibérica, o que configura unha situación global seca e cálida para este mes, aínda que se deron tamén moitas xornadas nas que ao anticiclón hai que engadirlle a presenza de aire frío en altura. Así, o mes comezaba nas dúas primeiras xornadas con esta situación que xa se dera nas dúas derradeiras de Abril. As precipitacións que se rexistraron foron en xeral de tipo treboenta e polo tanto con características moi irregulares, algo máis intensas na xornada do día 1 cando se rexistraron 494 raios sobre a nosa Comunidade.





Figura 1: Mapa de raios detectados o día 01/05/2011



Neste período as temperaturas non baixaron de xeito significativo e, en xeral, podemos considerar que se mantiveron en valores acaídos para a época do ano. Entre o día 3 e o día 5 a situación foi máis estable e anticiclónica, aínda que unha borrasca profunda foise formando ao oeste de Irlanda, afectando a Galicia entre os días 6 e 8. A chegada dun sistema frontal asociado a esta borrasca fixo que as chuvias foran algo máis persistentes e xeneralizadas, particularmente na xornada do día 7. De tódolos xeitos a fronte desta xornada chegou moi debilitada e apenas deixou chuvias no interior, mentres que foron algo máis cuantiosas en Pontevedra e sur e oeste da Coruña.

No día anterior, antes da chegada da fronte, a borrasca introducira aire frío en altura, polo que tivemos unha xornada con tormentas intensas no interior, rexistrándose máis de 2000 raios.




**Figura 2:** Mapa de raios detectados o día 06/05/2011 as treboadas ocorren pola presenza de aire frío en altura afectando principalmente o interior da Comunidade Galega.



O día 8 tivemos novamente chuvias xeneralizadas, desta volta algo máis repartidas, posto que nesa mesma tarde o tempo foi mellorando xa polo oeste. Entre o día 9 e o día 16 vivimos un período de 8 días anticiclónicos. No primeiro día deste período as temperaturas no foron aínda moi altas; a partir do día 11 os termómetros superaron en xeral os 25°C na metade sur, chegando a puntas de 30°C en Ourense capital, mentres que no norte quedaban entre os 20°C e os 25°C, incluso con áreas do norte da Coruña e Lugo que non chegaron a acadar os 20°C. Este contraste, que se prolongou practicamente na totalidade deste período, se explica pola persistencia dos ventos do nordés que sopraron con intensidade moderada no norte, achegando aire algo máis frío dende o Cantábrico.

A partir do 17 tivemos una situación semellante á de principios do mes, con aire frío que se situou en altura procedente dunha borrasca situada sobre Madeira. Desta forma, novamente na xornada do 17 se rexistraban algunhas tormentas no leste da provincia de Ourense. Na seguinte xornada do 18 estas tormentas foron algo máis xeneralizadas, rexistrándose 1125 raios, cantidade que descendeu ata os 646 o día 19 e aos 585 o día 20. Novamente as chuvias estiveron irregularmente repartidas, aínda que as tormentas se concentraron principalmente neste episodio na provincia de Ourense e sur de Lugo. As temperaturas descendieron lixeiramente con respecto dos acadados no período anticiclónico anterior, pero continuaron sendo altas en xeral.

Entre o 21 e o 24 o período foi novamente anticiclónico, pero o aire frío en altura non se retirou completamente de Galicia, polo que nestas xornadas continuamos en xeral con tempo seco, moi soleado e altas temperaturas, superándose novamente os 30°C en áreas da metade sur, pero tormentas no leste da provincia de Ourense. Durante a xornada do 25 as tormentas vespertinas foron protagonistas en moitos puntos da Comunidade. A bolsa de aire frío quedou novamente sobre a vertical da Comunidade e isto, xunto co calor que se acumulara de xornadas anteriores en superficie, deu lugar á aparición de tormentas moi xeneralizadas, ocasionalmente de carácter forte. Cabe destacar por exemplo o rexistro de Foz, no norte de Lugo que recolleu máis de 15 mm de chuvia en media hora. Tamén apareceu o pedrazo durante esta xornada, ocasionando diversos problemas. A cantidade de raios rexistrados este día foi de 1980. Porén, non foi a xornada con máis actividade treboenta.



**Figura 3:** Imaxe de radar, no momento en que se rexistrou maior precipitación na localidade de Foz. Destacan os ecos de cor amarela e vermello en diversos puntos das provincias de Lugo e Ourense.

Os días 26 e 27 podémoslos cualificar como de transición, posto que o anticiclón continuou dominando a situación en superficie; sen embargo, o aire frío moveuse fora das nosas latitudes e ademais as temperaturas descenderon algo en superficie. Os días 28 e 29 estiveron novamente baixo os efectos de aire frío en altura, rexistrándose ademais un ascenso térmico en superficie. O día 29 a situación inestable estendeuse a toda a Comunidade, rexistrándose tormentas localmente fortes con sarabia e aparato eléctrico. Durante a tarde desa xornada as temperaturas caeron máis de 10°C en moitos lugares da nosa Comunidade, logo do calmizo das horas centrais do día. A cantidade de raios rexistrada nesta xornada superou os 2700. As dúas derradeiras xornadas do mes estiveron marcadas polo descenso das temperaturas, a presenza de nubes e algún chubasco de tipo ocasional. Compre destacar que entre o 17 e o 30 deste mes Galicia viviu 14 xornadas consecutivas con tormentas, principalmente no interior, pero que tamén ocasionalmente se asomaron ao






litoral. Se a isto lle engadimos os outros episodios do mes, vese como en 20 das 31 xornadas do mes de maio houbo rexistros de raios en Galicia.


## 2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As figuras de anomalías de presión, tanto en superficie como a 500 hPa, amosan a situación de altas presións ao norte da península Ibérica. Tamén no mapa de anomalías en superficie aparecen anomalías negativas, é dicir, presións máis baixas do normal na zona entre Canarias e Azores. Esta zona de baixas presións foi a responsable da meirande parte das chuvias debido á entrada de aire frío en altura procedente desa área depresionaria.

É interesante destacar tamén o feito de que máis ao norte das altas presións aparece unha zona de borrascas que Galicia practicamente non sufriu, agás na fin de semana do 7 e 8 de maio, pero que demostra claramente a situación de bloqueo acaecida, na que o aire frío que alimenta ás borrascas pasa máis ao norte ou máis ao sur do habitual.



**Figura 4:** Anomalías de presión en superficie, maio de 2011.



**Figura 5:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa, maio de 2011.

### **3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	MAIO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.1	14.4	17.0 (1989)	12.1 (1984)
Tª mínima media	13.0	11.4	13.8 (1989)	9.9 (1984)
Tª mínima absoluta	10.8 (día 22)	4.6 (21/05/1977)		
Tª mínima máis alta	15.0 (día 12)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	20.0	17.4	20.2 (1989)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	24.7 (día 25)	30.6 (13/05/1992)		
Tª máxima máis baixa	16.9 (día 31)	11.6 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	17	64-90	164 (1984)	9 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	4	11	19 (1984)	2 (1976)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta a temperatura media e moi cálido para as temperaturas máximas e mínimas, con máis de dous grados de diferenza con respecto o valor climático normal. A chuvia rexistrada é moi baixa con respecto ao límite inferior do rango de valores normais polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén é moi inferior ao agardado.

**SANTIAGO**

	MAIO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.6	14.5	17.9 (1989)	10.8 (1984)
Tª mínima media	11.0	9.8	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	8.3 (día 22)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.6 (día 25)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	21.8	19.2	23.6 (1989)	14.8 (1984)
Tª máxima absoluta	30.1 (día 25)	33.5 (23/05/1991)		
Tª máxima máis baixa	14.9 (día 8)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	31	110-147	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	4	13	23 (1993)	2 (1987)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media. Para a temperatura máxima o mes considérase moi cálido. A precipitación rexistrada é moito menor que o limiar inferior do rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto tamén se reflicte no número de días de chuvia, moi inferiores ao esperado.

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

**LUGO**

	MAIO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.5	13.3	16.8 (2000)	9.6 (1984)
Tª mínima media	10.0	8.3	11.3 (2000)	5.2 (1972)
Tª mínima absoluta	4.6 (día 9)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.7 (día 24)	16.0 (29/05/2000)		
Tª máxima media	20.9	18.3	22.6 (1989)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	28.2 (día 25)	36.0 (15/05/1979)		
Tª máxima máis baixa	16.1 (día 8)	8.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	33	74-100	193 (1997)	7 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	20 (1983)	1 (1976)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e máximas, e cálido tendo en conta a temperatura media.*

*A chuvia rexistrada é moi inferior o rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco, o número de días de chuvia e a metade do valor climático normal para esta estación.*

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	MAIO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.0	14.8	17.3 (1989)	12.0 (1984)
Tª mínima media	12.4	9.8	11.6 (1995)	7.2 (1984)
Tª mínima absoluta	9.4 (día 5)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.1 (día 25)	16.1 (17/05/1992)		
Tª máxima media	24.5	19.8	23.3 (1991)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	31.7 (día 24)	33.5 (16/05/1992)		
Tª máxima máis baixa	18.5 (día 8)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	17	109-124	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	4	12	23 (1997)	3 (1991)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada é moi inferior ao valor climático agardado polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia é moi inferior ao valor climático.*

**OURENSE**

	MAIO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	18.0	15.7	18.5 (1989)	12 (1984)
T <sup>a</sup> mínima media	12.1	9.2	11.3 (2000)	6.7 (1984)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	6.9 (día 4)	-0.4 (06/05/1982)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	15.8 (día 24)	16.0 (16/05/1992)		
T <sup>a</sup> máxima media	25.4	22.3	26.2 (1989)	17.3 (1984)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	32.8 (día 25)	35.2 (27/05/1991)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	18.9 (día 8)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	49	54-72	137 (1993)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	7	10	18 (1993)	0 (1976)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas, con máis de dous graos de diferenza con respecto aos valores climáticos.


A chuvia rexistrada é lixeiramente inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén é inferior ao normal.

**4 TEMPERATURA**

As temperaturas estiveron por riba das agardadas neste mes de maio. A anomalía positiva moveuse en torno aos 2°C, polo que é algo inferior a gran anomalía rexistrada durante o mes de abril. Isto se explica porque a pesar da gran cantidade de xornadas anticiclónicas que vivimos, tivemos dous factores diferenciais: por unha banda os anticiclóns non trouxeron en xeral temperaturas tan altas, posto que os nordés foron dominantes, e por outra banda a situación de aire frío en altura e, polo tanto, os chuvascos treboentos foron máis numerosos neste mes.



#### 4.1. Temperatura máxima media mensual.



Tmáx - 05/2011


[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 6:** Mapa de temperatura máxima media do mes de maio de 2011.





#### 4.2. Temperatura mínima media mensual.




**Figura 7:** Mapa de temperatura mínima media do mes de maio de 2011.





### 4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 maio.



**Figura 8:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 amosa as anomalías positivas máis destacables nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. As anomalías máis altas, respecto ó período climático 1971-2000, localízanse no sur da comunidade galega e principalmente nas zonas altas.

Anomalías positivas máis altas de temperatura media con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Xurés	Muiños	Ourense	4.7
Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	4.4
Entrimo	Entrimo	Ourense	4.2
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	4.1
Xares	A Veiga	Ourense	4.1
Ancares	Cervantes	Lugo	3.9
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	3.8
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	3.8
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	3.7

**Táboa 1:** Anomalías positivas máis elevadas no mes de maio de 2011.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000. As anomalías máis baixas rexistráronse na Mariña Luguesa e tamén no norte da provincia de A Coruña.

Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Foz	Foz	Lugo	-0.1
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	-0.1
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	0.1
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	0.3
Pontenova (A)	A Pontenova	Lugo	0.4
Corno do Boi	Friol	Lugo	0.4
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	0.4
Burela	Burela	Lugo	0.4
Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	0.4
Malpica	Malpica	A Coruña	0.5

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de maio de 2011.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na comunidade galega no mes de maio de 2011, para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Non se rexistran valores superiores aos 30°C por riba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Día	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/05/2011	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	33.4
25/05/2011	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	32.9
25/05/2011	Ourense-Ciencias	Ourense	Ourense	32.8
24/05/2011	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	32.8
25/05/2011	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	32.6
25/05/2011	Ourense	Ourense	Ourense	32.6
24/05/2011	Ourense	Ourense	Ourense	32.5
24/05/2011	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	32.4
23/05/2011	Ourense	Ourense	Ourense	32.1
11/05/2011	Ourense	Ourense	Ourense	31.9

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2011 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
Día	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.2
23/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.0
24/05/2011	Xurés	Muiños	Ourense	25.8
28/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	25.5
25/05/2011	Xurés	Muiños	Ourense	25.3
10/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	25.1
11/05/2011	Xurés	Muiños	Ourense	25.0
11/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	25.0
26/05/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	24.4
10/05/2011	Xurés	Muiños	Ourense	24.3

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2011 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na comunidade galega no mes de maio de 2011 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por debaixo dos 1000 m as temperaturas mínimas non foron inferiores aos 10°C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2011 por riba dos 1000m de altitude				
Día	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	5.4
07/05/2011	Xares	A Veiga	Ourense	5.5
07/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	5.6
01/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	7.2
01/05/2011	Xares	A Veiga	Ourense	7.3
03/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	7.4
08/05/2011	Xares	A Veiga	Ourense	7.7
04/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	8.0
08/05/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	8.3
31/05/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	8.6

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2011 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2011 por debaixo dos 1000m de altitude				
Día	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/05/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	10.2
26/05/2011	Labrada	Abadín	Lugo	10.3
27/05/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	10.4
07/05/2011	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	10.6
14/05/2011	Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	10.7
26/05/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	10.7
08/05/2011	Muralla	Lousame	A Coruña	11.0
12/05/2011	Labrada	Abadín	Lugo	11.0
27/05/2011	Labrada	Abadín	Lugo	11.0
08/05/2011	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	11.0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2011 altitude inferior a 1000m.




## 5 PRECIPITACIÓN

As cantidades de chuvia rexistrada así como o número de días de chuvia están en xeral por debaixo da media climatolóxica. Soamente se achega a cantidade de chuvia ao normal naqueles puntos do interior onde algún dos episodios tormentosos deixou chuvias moi intensas. No litoral de Pontevedra e A Coruña, en xeral, os valores estiveron moi lonxe do normal nun mes de maio.

O carácter treboento das precipitacións na Comunidade fai que a distribución da chuvia recollida non sexa homoxénea, presentándose así puntos moi localizados cuns determinados valores de precipitación máis altos que as zonas circundantes máis próximas.

### 5.1. Precipitación acumulada mensual maio 2011



Chuvia/lluvia - 05/2011


[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 9:** Mapa de precipitación acumulada do mes de maio de 2011.






**5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.**



**Figura 10:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de maio de 2011.



### 5.3. Días de chuvia en maio de 2011



**Figura 11:** Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de maio de 2011.

Nesta figura pódese observar o escaso número de días de chuvia acadados ó oeste da Comunidade. Na Mariña luguesa e na alta montaña ourensá o número de días de chuvia está preto dos 14 (considerando precipitación maior de 1 L/m<sup>2</sup>).

A táboa 8 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de maio.



Precipitación máxima mensual en maio de 2011		
Estación	Concello	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Marco da Curra	Monfero	123
Penedo do Galo	Viveiro	108
Fragavella	Abadín	106
Corno do Boi	Friol	99
Entrimo	Entrimo	95
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	86
Xares	A Veiga	82
Abradelo	Samos	79
Xurés	Muiños	78
Serra do Faro	Rodeiro	74

**Táboa 7:** Precipitación mensual máis alta rexistrada no mes de maio de 2011.

Como se pode observar, a maior cantidade de precipitación ocorreu na provincia de Lugo e Ourense.

## 6 VENTO

Na táboa 8 preséntanse os datos de refacho máximo superior aos 100 km/h rexistrados na rede de estacións de MeteoGalicia.

Refachos máximos diarios superiores a 100 km/h no mes de maio de 2011			
Día	Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)
15/05/2011	Lira	Carnota	118.4
07/05/2011	Xesteiras	Cuntis	109.4
07/05/2011	Muralla	Lousame	108.9
16/05/2011	Punta Candieira	Cedeira	102.0
15/05/2011	Punta Candieira	Cedeira	101.7
14/05/2011	Xesteiras	Cuntis	101.3
26/05/2011	Lira	Carnota	101.3

**Táboa 8:** Refachos máximos diarios superiores a 100km/h no mes de maio de 2011.



Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas. Destaca a elevada frecuencia dos ventos de compoñente nordeste.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	118.4	NE	10%		
		Día 15				
Punta Candieira	Cedeira	101.9	NE	7%		
		Día 16				
Malpica	Malpica	74.4	NE	3%		
		Día 7				
Marco da Curra	Monfero	81.8	NE	4%		
		Día 7				
Río do Sol	Coristanco	87.4	NE	1%		
		Día 7				

**Táboa 9:** Resumo do vento no mes de maio de 2011 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	75.8	E	4%		
		Día 7				
Ancares	Cervantes	82.3	S	14%		
		Día 7				

**Táboa 10:** Resumo vento no mes de maio de 2011 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	65.1	NO	31%		
		Día 29				
Rodicio	Maceda	69.8	NE	9%		
		Día 7				

**Táboa 11:** Resumo do vento no mes de maio de 2011 na provincia de Ourense.






PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	98.9	E	17%		
		Día 14				
S. Faro	Rodeiro	80.3	E	3%		
		Día 7				
Ons	Bueu	80.3	NE	3%		
		Día 7				
C. Vicaludo	Oia	75.8	E	9%		
		Día 7				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de maio de 2011 na provincia de Pontevedra.



## 7 RADIACIÓN SOLAR


### 7.1. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 11:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



## 7.2. Mapa de radiación solar mensual




**Figura 12:** Radiación mensual para o mes de maio de 2011.




## 8 RAIOS

No seguinte gráfico móstrase o total de raios caídos sobre Galicia para cada día do mes. Rexistráronse raios principalmente na segunda quincena do mes, aínda que o día 6 foi especialmente treboento. En total, a rede de detección rexistrou a caída de 11645 raios en Galicia. No segundo gráfico pódese ver cómo Lugo e Ourense son as provincias máis afectadas polas treboadas.



**Figura 13:** Número total de raios caídos en Galicia en maio de 2011.



**Figura 14:** Número total de raios caídos en Galicia en maio de 2011 por provincia

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 5

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>A Coruña</b>																								
A Gándara	12.8	16.6	23.5	25	10.2	8.0	7	26	19.6	7	-57	88	98	72	44	199	1758	25.6	96	970	8	0		
Aldea Nova	14.1	18.5	25.2	25	11.1	8.4	22	35	13.2	7	-80	77	90	60	51	229	2067	14.4	65	986	9	0		
Camariñas	15.3	17.1	20.1	25	13.1	9.4	3	27	23.1	7	--	84	92	73	--	--	--	26.3	82	--	6	0		
CIS Ferrol	15.7	20.0	27.1	25	12.5	9.8	9	23	9.8	7	-101	78	92	62	58	258	2089	15.5	61	1014	7	0		
Corrubedo	17.5	22.5	28.8	24	13.3	10.2	3	18	16.3	7	-143	69	83	53	72	322	2454	14.0	79	1013	3	0		
Coruña	16.1	20.0	24.7	25	13.0	10.8	22	17	6.2	29	--	72	86	56	--	--	--	--	--	--	4	0		
Coruña Dique	15.2	17.8	20.9	25	12.8	9.8	10	16	7.6	29	--	84	95	72	--	--	--	21.2	80	1019	4	0		
Coto Muíño	14.0	19.9	29.0	25	9.3	5.0	9	36	20.0	7	--	83	98	61	--	--	--	7.6	54	--	9	0		
Fontecada	14.1	20.0	28.9	25	9.6	6.2	22	28	15.1	7	-89	81	95	58	57	256	2127	14.8	70	975	11	0		
Lesende	16.0	21.8	28.5	24	11.3	7.3	3	18	12.7	7	--	71	87	51	--	--	--	7.2	52	--	5	0		
Lira	16.5	20.9	29.6	24	12.7	10.2	7	12	10.1	7	-134	73	87	58	72	322	2658	26.6	118	--	4	0		
Mabegondo	15.2	21.3	28.4	25	9.1	5.1	16	17	7.5	7	-108	76	91	59	57	254	2095	7.9	65	1007	5	0		
Malpica	13.8	16.7	22.4	25	11.7	9.1	9	16	14.0	7	-81	85	95	74	56	253	2061	27.4	74	999	6	0		
Marco da Curra	12.0	16.8	25.9	25	8.5	6.8	9	122	63.6	29	24	86	97	67	55	246	2045	18.7	81	944	11	0		
Melide	14.3	20.8	29.7	25	9.0	3.9	9	53	26.0	29	-76	78	95	53	63	280	2307	10.8	60	963	6	0		
Muralla	13.1	18.1	25.9	25	8.8	6.8	15	55	30.1	7	-48	86	99	64	63	282	2308	29.2	108	942	9	0		
Olas	13.9	19.8	28.9	25	9.3	7.2	9	33	9.0	7	--	81	97	58	58	261	2125	--	--	--	8	0		
Pazo de Galegos	16.0	22.4	30.0	25	10.9	8.2	9	41	14.1	1	-100	71	88	49	63	283	2422	5.8	33	991	5	0		
Punta Candieira	13.4	15.8	22.4	25	11.5	8.8	7	25	13.4	7	-75	82	93	70	53	237	2059	30.6	101	988	11	0		
Raído-Arzúa	14.6	20.8	29.5	25	9.3	5.2	10	51	23.4	29	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	8	0		
Río do Sol	12.5	17.9	27.5	25	9.0	6.6	15	29	10.3	7	-64	85	98	64	48	215	1902	24.1	87	955	13	0		
Sabón	15.2	17.9	21.6	24	12.3	9.5	22	27	16.2	29	-90	77	87	65	55	246	2204	18.7	79	--	4	0		
Sálvora	17.3	21.1	27.1	24	14.3	12.4	3	26	18.4	7	-127	76	87	62	78	348	2640	23.4	81	--	4	0		
Santiago-EOAS	15.6	21.8	30.1	25	10.9	8.3	22	31	16.6	7	-101	78	94	54	61	273	2298	11.5	63	988	6	0		
Sergude	16.0	22.4	30.1	25	10.9	7.8	9	32	13.2	7	--	76	93	53	57	255	2231	--	--	--	9	0		
Serra da Faladoira	11.4	14.5	25.1	25	8.9	7.5	7	40	11.0	7	--	92	99	79	32	145	1496	19.8	--	952	20	0		
<b>Lugo</b>																								
Abradelo	13.7	20.6	27.3	23	8.4	3.9	15	78	24.9	29	--	78	97	52	61	272	2329	--	--	--	13	0		
Ancares	11.6	16.3	22.9	23	7.5	2.5	31	69	10.3	18	-50	74	91	53	56	252	2151	14.4	82	866	16	0		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0



Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 5

Provincia Estación	Tª Media °C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Día	Med.	Absl.	Día	Día	Total	Máx.	Día	Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %		Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.	Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada					
<b>Lugo</b>																											
Borreiros	14.4	18.1	22.8	25	10.8	5.7	9	60	15.6	7	--	80	92	64	--	--	--	5.0	43	1012	20	0					
Bóveda	15.9	23.8	30.5	23	9.5	4.9	4	31	10.0	6	--	72	92	44	67	301	2377	--	--	--	9	0					
Burela	12.5	14.6	19.2	5	10.8	9.0	7	72	22.8	30	5	91	98	80	25	112	1219	16.6	75	970	20	0					
Campus Lugo	14.5	20.9	28.2	25	9.9	4.6	9	33	10.1	1	-85	77	91	53	51	229	2128	9.7	46	969	7	0					
Castro R. de Lea	13.5	18.9	28.1	25	9.5	4.3	9	49	14.9	30	--	84	98	62	46	204	1916	--	--	970	8	0					
Conchada	15.2	22.4	28.1	23	9.9	5.0	15	38	9.8	29	--	72	92	44	59	263	2277	--	--	--	15	0					
Corno do Boi	11.8	17.5	27.1	25	8.1	5.3	15	98	48.5	29	-41	87	99	62	47	208	1929	15.1	71	--	11	0					
Courel	15.1	22.3	28.1	23	9.4	5.2	15	38	9.2	29	--	70	93	43	59	263	2219	--	--	--	13	0					
Foz	14.1	17.5	22.2	5	11.1	6.7	9	56	18.4	25	--	84	94	70	33	149	1485	--	--	--	17	0					
Fragavella	11.2	14.3	26.3	25	8.6	3.8	9	106	12.4	6	42	92	99	77	23	104	1189	15.1	73	949	23	0					
Guitiriz	11.9	17.2	27.4	25	8.5	6.1	15	68	17.5	30	-20	87	99	64	44	197	1827	18.7	63	939	14	0					
Labrada	11.1	14.7	26.1	25	8.6	6.1	9	55	12.2	6	-16	90	99	73	27	121	1364	11.2	63	--	22	0					
Marroxo	14.6	21.7	28.0	23	9.6	4.8	15	36	13.8	6	-88	77	94	49	53	235	2130	6.5	63	944	10	0					
Mourelle	15.4	23.5	30.3	25	8.8	2.7	15	50	11.8	30	-82	77	97	50	58	261	2168	3.6	40	969	8	0					
O Cebreiro	11.6	18.0	24.1	23	6.8	1.6	15	53	12.8	8	-56	83	99	57	53	238	2138	14.8	65	871	18	0					
O Xipro	12.4	18.1	26.3	25	8.2	4.9	15	73	28.0	29	-28	85	99	62	48	215	1981	12.2	58	928	11	0					
Pedro Murias	15.0	17.7	22.6	7	12.2	9.0	9	38	14.9	30	-56	81	90	70	35	159	1508	9.0	69	1013	17	0					
Penedo do Galo	11.4	14.1	24.6	25	9.4	7.6	14	108	21.4	30	--	87	94	75	23	103	1239	--	--	--	19	0					
Pol	12.6	18.4	27.2	25	8.7	4.7	16	46	15.3	30	--	84	96	62	53	236	2085	--	--	--	9	0					
Pontenova (A)	12.3	16.4	28.8	25	9.6	6.6	15	48	15.7	29	--	93	100	76	29	129	1321	--	--	--	18	0					
Portomarín	14.4	21.5	29.4	25	9.0	3.7	9	45	12.8	6	--	78	95	50	51	229	1854	--	--	966	10	0					
Sambreixo	13.2	18.9	29.2	25	8.6	3.0	9	56	18.0	6	--	81	95	57	47	209	1921	--	--	--	7	0					
San Clodio	17.4	25.7	31.0	23	10.6	3.6	15	43	11.6	1	--	72	96	41	--	--	--	3.2	--	987	10	0					
San Fiz	15.5	22.6	29.7	25	10.5	6.0	9	53	25.0	2	-77	73	91	45	52	234	2193	9.4	50	972	8	0					
Sobrecedo	15.1	22.3	29.3	25	9.9	4.9	9	28	10.4	2	-81	74	92	46	39	173	1421	5.4	30	971	8	0					
Ventosa	12.6	18.6	26.1	25	7.4	3.1	16	49	11.0	29	-68	80	97	56	58	258	2186	9.7	65	914	11	0					
Vilamor	14.4	18.2	31.1	25	11.1	5.8	9	29	6.9	6	-54	83	94	66	25	112	1253	7.2	78	--	10	0					
<b>Ourense</b>																											
Alto do Rodicio	13.0	18.7	24.8	24	8.0	3.1	15	42	9.8	1	-72	81	99	56	58	260	2091	15.1	69	906	15	0					

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

**Rede de estacións automáticas da CMA**
**Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 5**

Provincia	Tª Media °C	Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa	Número de días de:	
		Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Media	Choiva <sup>(2)</sup>
<b>Ourense</b>																						
Amiudal	15.3	23.1	30.4	25	9.5	5.5	15	29	13.4	28	--	74	94	46	63	280	2387	10.4	69	--	7	0
Baltar	13.3	20.8	27.3	24	5.9	0.8	9	56	13.2	20	--	76	95	47	54	240	2136	--	--	--	14	0
Cabeza de Manzaneda	9.3	12.8	18.4	23	6.1	1.7	4	85	14.2	18	-7	76	94	54	45	200	1964	15.5	84	827	16	0
Entrimo	15.6	22.4	29.5	24	10.0	4.7	9	94	32.3	19	--	70	88	45	63	279	2263	--	--	--	11	0
Gandarela	15.1	22.6	28.5	24	10.0	5.3	15	44	17.6	25	-85	76	93	49	54	242	1989	8.6	65	945	9	0
Lardeira	11.0	15.9	21.0	23	7.1	2.6	9	69	15.5	24	-41	79	97	56	53	236	2004	16.2	89	840	16	0
Larouco	16.3	23.5	29.3	23	10.1	4.3	15	46	24.0	1	--	70	91	42	--	--	--	3.6	84	--	13	0
Monte Medo	15.3	22.6	28.4	24	9.0	4.1	15	62	18.2	19	--	75	97	44	60	265	2322	--	--	--	14	0
O Invernadeiro	13.5	20.7	26.2	24	6.7	0.1	15	63	9.1	1	-62	73	93	45	55	243	1991	7.9	62	901	16	0
Ourense	18.0	26.5	32.6	25	11.3	5.9	4	48	18.6	29	--	65	89	35	--	--	--	--	--	--	8	0
Ourense-Ciencias	17.9	25.4	32.8	25	12.1	6.9	4	40	19.5	29	-107	69	89	40	58	258	2068	7.9	50	998	9	0
Petarelas (As)	16.6	24.5	30.2	23	10.1	5.5	15	33	11.8	1	--	66	90	35	57	253	2122	--	--	--	10	0
San Xoán de Río	12.7	18.9	24.0	24	7.7	3.2	15	59	14.0	1	--	80	97	54	55	246	2214	--	--	--	15	0
Serra do Eixe	12.6	18.4	24.0	23	8.0	2.9	15	32	6.5	21	-94	73	93	48	57	253	2195	14.4	87	880	18	0
Verín	16.6	23.9	30.2	24	10.5	5.5	15	49	14.6	25	-93	72	93	43	60	267	2216	7.2	45	953	14	0
Viana do Bolo	14.1	21.0	27.1	24	7.7	0.8	15	57	17.0	18	-68	75	96	47	54	242	2125	7.6	52	921	12	0
Xares	9.9	14.4	19.8	24	6.2	2.0	7	81	28.6	24	-30	72	92	50	51	226	1967	17.6	76	826	18	0
Xurés	13.9	19.1	25.8	24	9.1	4.4	4	77	19.0	1	-47	74	94	52	57	253	2068	13.3	74	898	14	0
<b>Pontevedra</b>																						
A Granxa	18.0	25.7	32.4	24	10.6	6.2	10	32	11.8	29	-114	70	93	42	65	290	2210	3.2	33	--	4	0
Areiro	17.7	23.4	30.0	24	12.5	9.9	3	14	8.2	7	--	70	87	50	--	--	--	4.7	36	--	6	0
As Eiras	18.0	24.3	30.9	24	12.6	8.3	4	28	11.2	18	-120	72	92	48	66	292	2391	4.0	--	--	8	0
Caldas de Reis	16.6	23.9	30.8	24	11.2	8.4	10	19	9.9	7	--	73	93	47	70	311	2499	--	--	985	6	0
Castro Vicaludo	16.2	20.0	26.4	24	12.3	8.0	15	12	9.6	7	-128	75	90	56	66	295	2361	14.4	75	961	7	0
Castrove	16.2	20.8	27.7	24	11.7	9.1	27	18	11.7	7	-128	72	88	54	70	313	2414	19.1	90	966	6	0
Corón	17.4	21.9	28.5	24	13.8	11.4	9	31	19.6	7	-136	71	83	52	78	349	2606	24.8	78	1015	3	0
Entenza	18.6	26.1	33.4	24	12.4	7.4	4	35	13.8	1	-123	71	93	44	69	308	2567	4.3	44	--	6	0
Fornelos de Montes	15.6	20.3	27.5	24	11.5	6.7	8	42	18.0	7	-90	75	92	55	60	269	2046	16.6	98	936	10	0
Illas Cíes	17.9	21.7	26.5	24	14.6	12.3	3	12	10.7	7	--	72	83	58	62	274	2428	--	--	--	5	0

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada &gt;0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 5

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Pontevedra</b>																								
Lourizán	18.0	24.5	31.7	24	12.6	9.4	5	16	10.0	7	-133	74	83	42	67	297	2310	5.4	40	1011	8	0		
Monte Aloia	16.3	22.4	29.9	24	11.4	8.1	8	23	12.3	7	-76	73	90	52	38	167	2025	9.0	62	960	6	0		
Mouriscade	14.4	21.8	29.9	25	7.1	1.7	4	23	8.4	28	-106	75	91	52	59	264	2172	6.5	52	959	9	0		
O Viso	17.4	23.4	31.0	24	12.3	9.1	10	11	5.3	7	-149	70	88	49	72	321	2434	13.3	70	986	5	0		
Ons	16.7	20.9	28.0	24	13.1	10.7	10	24	15.6	7	-128	75	89	59	78	346	2688	23.4	80	1003	4	0		
Pereira	14.1	20.4	28.3	25	9.0	5.0	15	60	30.2	1	--	79	96	54	63	283	2366	--	--	935	11	0		
Queimadelos	17.8	25.4	32.8	24	12.3	8.3	8	27	9.6	7	-114	69	88	45	55	246	2089	5.0	63	975	6	0		
Rebordelo	15.8	22.5	29.9	24	9.2	4.2	4	20	9.8	7	--	75	95	51	66	293	2290	--	--	975	7	0		
Sanxenxo	18.4	23.4	30.3	24	13.9	10.6	10	20	17.6	7	-135	70	85	51	68	305	2527	7.2	64	1011	4	0		
Serra do Faro	12.4	17.9	25.5	25	7.9	3.5	15	73	33.7	1	-41	81	97	57	62	275	2214	20.9	80	905	15	0		
Soutomaior	17.6	23.6	30.4	24	12.2	8.9	4	16	6.5	1	--	69	88	46	--	--	--	4.0	--	--	4	0		
Tremoedo	17.6	23.4	30.6	24	12.4	9.7	22	29	19.5	7	--	67	85	45	--	--	--	6.1	63	--	8	0		
Vigo	18.7	23.6	30.3	24	14.0	10.4	10	16	4.1	7	--	65	82	47	--	--	--	--	--	--	7	0		
Vigo-Campus	16.6	20.8	27.5	24	12.6	8.9	8	30	13.6	1	-124	67	82	50	69	307	2428	10.1	71	963	6	0		
Vigo-II Marinas	18.6	22.2	28.5	24	15.3	12.3	2	11	6.8	7	-156	67	81	51	73	324	2448	11.5	57	1014	4	0		
Xesteiras	13.3	18.3	26.1	25	9.0	6.1	27	42	20.2	7	--	79	94	58	--	--	--	29.2	109	--	13	0		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0